



## PROGRAMACIÓN GRUPO A (abril – xuño 2013)

### El ruido de las cosas al caer, de Juan Gabriel Vásquez

O ruído das cousas ao caer é a historia dunha amizade frustrada. Pero é tamén unha dobre historia de amor en tempos pouco propicios, e tamén unha radiografía dunha xeración atrapada no medo, unha investigación chea de suspense no pasado dun home e o dun país, Colombia. *Información tomada do resumo editorial*



### Libertad, de Jonathan Franzen



O retrato minucioso dunha familia do Medio Oeste americano ao longo de varias décadas adquire na prosa mestra de Jonathan Franzen un carácter universal. Afondando na vida íntima duns personaxes tan próximos como identificables, a novela é unha incisiva radiografía do noso tempo que suscitou a admiración unánime da crítica e os lectores de todos os países onde se publicou ata a data.

*Información tomada do resumo editorial.*

### Ilustrísima, de Carlos Casares

Un canto á bondade e á humanidade da xente e un alegato en contra do dogmatismo e da violencia. Situada nos primeiros anos do século XX, nunha pequena cidade galega que ben podería ser o Ourense natal de Casares, relata os conflitos entre un bispo intelixente e bo e algúns dos membros máis intransixentes da curia diocesana, enfrontados entre si por culpa da chegada do cinematógrafo.

*Información tomada do resumo editorial.*



### El reflejo de las palabras, de Kader Abdolah

Os lazos profundos e indestrutibles entre un pai e un fillo, capaces de perdurar a través do tempo e do espazo grazas ao poder aglutinante da arte e da lingua, son o fundamento narrativo desta novela orixinal e conmovedora, de marcado carácter autobiográfico. Así pois, por medio dos escritos do pai e os interrogantes do fillo, xorde a apaixonante historia do Irán do século XX, desde a implacable obstinación de Reza Kan en modernizalo ata a feroz represión do réxime dos ayatolás.

*Información tomada do resumo editorial.*